

# BASES DE SELECCIÓN E CONDICIÓN PARA A XESTIÓN DUN PASTEIRO SITUADO NA CMVMC DE GODÓNS - COVELO



## CLÁUSULA 1. OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regular o procedemento para a selección dunha persoa física ou xurídica que asumirá a xestión dun pasteiro situado no ámbito territorial da Comunidade de Montes de Godóns, destinado ao uso gandeiro.

A actividade deberá desenvolverse de maneira profesional, sostible e respectuosa co medio natural, garantindo o cumprimento da normativa vixente en materia gandeira, sanitaria, ambiental, laboral e de benestar animal.

## CLÁUSULA 3. NATUREZA E FINALIDADE DA CESIÓN

A presente convocatoria ten carácter temporal e de interese público, non constituíndo en ningún caso concesión patrimonial nin dereito de propiedade sobre os terreos.

A súa finalidade é garantir o aproveitamento gandeiro sostible do pasteiro, a prevención do abandono do medio rural e o mantemento da actividade agraria.

## CLÁUSULA 4. DURACIÓN

A duración inicial da cesión será de cinco (5) anos contados desde a sinatura do correspondente acordo, podendo prorrogarse de mutuo acordo entre as partes.

## CLÁUSULA 5. PERFIL DAS PERSOAS OU ENTIDADES SOLICITANTES

Poderán concorrer unicamente persoas físicas ou xurídicas que:

- Sexan titulares dunha explotación gandeira activa.
- Acrediten o cumprimento da normativa sectorial aplicable.
- Dispoñan de capacidade de xestión suficiente da actividade.

Valorarase especialmente o arraigo territorial, o relevo xeracional e a continuidade da actividade no medio rural.

## CLÁUSULA 6. DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA (MEMORIA TÉCNICA)

Cada solicitude deberá incluír unha memoria técnica da explotación e do proxecto de uso do pasteiro, que será obrigatoria e avaliable.

A memoria deberá conter, como mínimo:

- Descrición da explotación gandeira actual (especie, número de animais, sistema produtivo).
- Identificación e situación administrativa da explotación (REGA).
- Plan de aproveitamento do pasteiro (carga gandeira prevista e rotacións, se procede).



- Medidas de manexo sostible do solo e prevención de erosión ou degradación.
- Xestión sanitaria e benestar animal.
- Medios materiais e humanos dispoñibles.
- Plan de prevención de incendios e conservación do medio natural.
- Compromiso de continuidade da actividade durante a vixencia da cesión.

## **CLÁUSULA 7. CRITERIOS DE VALORACIÓN (100 puntos)**

### **7.1 Memoria técnica e viabilidade do proxecto (30 puntos)**

- Claridade e rigor técnico da memoria.
- Axuste da carga gandeira ao recurso forraxeiro.
- Sostibilidade ambiental e manexo do pasteiro.
- Plan de xestión e conservación.

### **7.2 Experiencia e explotación gandeira activa (35 puntos)**

- Antigüidade da explotación.
- Dimensión e profesionalización.

### **7.3 Capacidade de xestión e cumprimento normativo (20 puntos)**

- Medios dispoñibles.
- Cumprimento sanitario e ambiental.

### **7.4 Contribución ao desenvolvemento rural (15 puntos)**

- Relevo xeracional.
- Mocidade e/ou incorporación recente.
- Empadramento no ámbito territorial.
- Proxectos de fixación de poboación.
- Mulleres titulares ou promotoras principais.

## **CLÁUSULA 9. CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Mantéñense as obrigas xerais, engadindo

- Manter unha explotación gandeira activa vinculada ao uso do pasteiro durante toda a vixencia da cesión.
- Non reducir de forma substancial a actividade gandeira sen causa xustificada.

Engádese como causa específica:

- Perda da condición de titular de explotación gandeira activa.

## **CLÁUSULA 10. PRAZO DE PRESENTACIÓN**



O prazo para a presentación de solicitudes e documentación será de **dez (10) días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria na páxina web do GDR Terra e Auga.

A documentación deberá achegarse obrigatoriamente de forma telemática, a través da **Sede Electrónica do GDR Terra e Auga**, utilizando para o efecto o trámite de **Instancia Xeral**. Non se admitirá a trámite ningunha documentación que sexa presentada por canles distintas ás aquí especificadas.

<https://gdrterraeauga.sedelectronica.gal/info.0>

O presidente do GDR Terra e Auga,

Juan Pablo Castillo Amigo

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

